



Santiago de Compostela, a 2 de marzo de 2015

Estimado/a cooperativista:

Dende a **Consellería de Traballo e Benestar**, a través da **Dirección Xeral de Traballo e Economía Social** estamos a impulsar un novo servizo cofinanciado polo Fondo Social Europeo, no marco do Programa Operativo FSE Galicia que ten como finalidade **potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e o uso das tecnoloxías da información e as comunicacións nas cooperativas**.

Deste xeito preténdese favorecer a creación de proxectos de cooperación, o intercambio de experiencias e fomentando a transferencia de coñecementos, tanto no seo da cooperativa como a través das relacóns con outros axentes do Sistema Galego de Innovación, así como a creación de redes de cooperación transfronteiriza, para facer un sector cooperativo máis competitivo e con más capacidade para afrontar o actual contexto económico.

Con esta iniciativa queremos **poñer a disposición das cooperativas un amplio conxunto de servizos, completamente gratuitos, orientados a promover a I+D+i e as TIC** a través de:

- Servizo de asesoramento técnico, formación e divulgación en materia de I+D+i e TIC.
- Titorización de proxectos de I+D+i nas cooperativas e as redes de intercooperación.
- Programa de inmersión nas TIC adaptado ás necesidades de cada Cooperativa participante.

O conxunto de servizos da iniciativa I+D+i e TIC aos que pode acceder a cooperativa así como os beneficios e resultados que pode obter con estes servizos son os que se mostran no tríptico que se acompaña a esta carta. Tamén poden consultar a páxina web do proxecto, [www.innovacioncooperativas.coop](http://www.innovacioncooperativas.coop) para obter unha maior **información**.

Aquelhas cooperativas interesadas neste programa poden contactar cos responsables do servizo a través do enderezo electrónico [info@innovacioncooperativas.coop](mailto:info@innovacioncooperativas.coop) ou no teléfono **981 552 059**.

Gustaríanos contar coa súa participación na iniciativa e a súa colaboración para difundila e garantir a maior repercusión posible, contribuíndo así a impulsar a innovación e o uso das TIC na nosa comunidade a través da fórmula cooperativa.

Reciba un cordial saúdo,

Carmen Bouso Montero

Directora Xeral de Traballo e Economía Social

